

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 4 de abril de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D. Pablo Olmos Pita (asiste ao punto 1c)
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1c)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 8, 9 e 10)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao puntos 4a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 20 de marzo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 20 de marzo de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 22 de marzo de 2018

Apróbase a acta da sesión do 22 de marzo de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta da sesión do 27 de marzo de 2018

Apróbase a acta da sesión do 27 de marzo de 2018 D. Carlos López Font, D. Pablo Olmos Pita, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen



algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo
1	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	1.718.336,74
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	1.642.155,13
3	DRAGADOS, S.A.	1.620.751,05
4	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.753.000,00
5	ORESA, S.L.	1.705.448,06
6	AVAN INTEGRAL, S.L.	1.742.272,85
7	CIVIS GLOBAL, S.L.	1.687.265,82
8	HIDROMIÑO, S.L.	1.668.623,27
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	1.736.288,82
10	ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.	1.796.129,11
11	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.677.829,46
12	ORECO, S.A.	1.685.884,89
13	COPCISA, S.A.	1.565.741,02
14	ELSAMEX, S.A.	1.772.650,00
15	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.	1.681.724,11
16	MISTURAS, S.A.	1.742.041,84
17	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.692.099,08
18	EXTRACO, S.A.	1.763.676,64
19	OGMIOS PROYECTO, S.L.	1.697.267,00

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; D. Francisco Fernández Valiña, con DNI 33.554.043-X, en representación de COPCISA, S.A.; D. Rodrigo Feijoo Mosquera, con DNI 34.985.089-L, en representación de DRAGADOS, S.A.; e D^a. Dori García Navarro, con DNI 76.766.257-J, en representación de SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia,



socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 2 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que EMSEBUR, S.A. presentou no Rexistro Xeral o día de hoxe (número de documento 180047963) o orzamento detallado requirido en base ao acordo da Mesa do 27 de marzo de 2018.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 2 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de marzo de 2018 polo que non se admite neste procedemento á UTE EULEN S.A.- AUNAR GROUP 2009, S.L. por ter presentado dúas proposicións, tal e como consta no certificado expedido polo Rexistro xeral deste Concello de data 20 de marzo de 2018, ao abeiro do previsto no artigo 145.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:22	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF4B-C73H3C-2HA3B3-78DEWV-C97HNW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EMSEBUR, S.L.	97,00
2	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.	16,52

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:22	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF4B-C73H3C-2HA3B3-78DEWV-C97HNW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		